

# PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

PAT 2022/2023

Campos de actuación a desenvolver no decurso do ano  
escolar polo profesorado titor

IES EDUARDO BLANCO AMOR  
OURENSE



## Índice

<b>Índice general</b>	<b>1</b>
<b>1. Introducción</b>	<b>4</b>
<b>2. Actividades do profesorado titor co alumnado</b>	<b>4</b>
2.1. A recepción do alumnado . . . . .	4
2.2. As sesións de tutoría na aula . . . . .	5
2.2.1. Coñecemento das normas de funcionamento do centro . . . . .	6
2.2.2. Coordinación, análise e reflexión sobre a marcha da actividade escolar . . . . .	6
2.2.3. Orientación académica e profesional . . . . .	7
2.2.4. Metodoloxía de estudo e da preparación e realización de exames . . . . .	7
2.2.5. Promoción de actitudes básicas de convivencia e habilidades sociais . . . . .	7
2.2.6. Educación para a saúde . . . . .	7
2.2.7. Educación en valores . . . . .	7
2.3. Control de asistencia do alumnado . . . . .	8
2.4. O profesorado titor e a disciplina . . . . .	8
2.5. O rendemento académico . . . . .	9
<b>3. Relación do profesorado titor coas familias</b>	<b>9</b>
3.1. Presentación ás familias por carta . . . . .	9
3.2. Familias do grupo . . . . .	10
3.3. Reunións coas familias individualmente ao longo do curso . . . . .	10
3.4. Outros sistemas de comunicación coas familias . . . . .	10
<b>4. Coordinación polo profesorado titor da actividade docente e das avaliacións</b>	<b>10</b>
4.1. Coordinación da actividade docente . . . . .	10
4.2. Coordinación das avaliacións . . . . .	11
4.2.1. Preparación da avaliación . . . . .	11
4.2.2. Desenvolvemento da avaliación . . . . .	11
4.2.3. Traballo posterior a avaliación . . . . .	11
<b>A. Calendario da acción titorial en secundaria ao longo do curso</b>	<b>13</b>
A.1. Setembro/outubro . . . . .	13
A.2. Novembro/décembro . . . . .	13
A.3. Decembro . . . . .	13
A.4. Xaneiro/febreiro . . . . .	14
A.5. Marzo . . . . .	14
A.6. Abril/maio . . . . .	14
A.7. Xuño . . . . .	14
A.8. Traballos ao longo do curso . . . . .	15
<b>B. Emerxencia individual</b>	<b>16</b>
<b>C. Modelo de carta para a convocatoria á reunión inicial</b>	<b>17</b>
<b>D. Reunión dos titores cos pais. Guía de contidos para bacharelato</b>	<b>18</b>
D.1. Introducción . . . . .	18
D.2. Informacións xerais . . . . .	18
D.2.1. Procedemento sobre a comunicación de faltas . . . . .	18
D.2.2. Xustificación de faltas de asistencia . . . . .	18
D.2.3. Programacións . . . . .	18
D.2.4. Calendario de exames . . . . .	18
D.2.5. Avaliación . . . . .	19



D.2.6. Materias pendentes . . . . .	19
D.2.7. O estudo na casa . . . . .	19
D.2.8. Titorías . . . . .	19
D.2.9. Atención a pais e nais . . . . .	19
D.2.10. Control de asistencia . . . . .	19
D.2.11. Departamento de Orientación . . . . .	19
D.2.12. Xefatura de Estudos . . . . .	19
D.2.13. Boletíns de notas . . . . .	20
D.2.14. Datas de avaliación . . . . .	20
D.2.15. Educación Física . . . . .	20
D.2.16. Exencións . . . . .	20
D.2.17. Disciplina . . . . .	20
D.2.18. Características do grupo . . . . .	20
D.2.19. Actividades Extraescolares . . . . .	20
D.2.20. Remate das clases . . . . .	20
D.2.21. Aplicación da LOMLOE . . . . .	20
<b>E. Reunión dos titores cos pais. Guía de contidos para ESO</b>	<b>21</b>
E.1. Introducción . . . . .	21
E.2. Informacións xerais . . . . .	21
E.2.1. Procedemento sobre a comunicación de faltas . . . . .	21
E.2.2. Xustificación de faltas de asistencia . . . . .	21
E.2.3. Programacións . . . . .	21
E.2.4. Calendario de exames . . . . .	21
E.2.5. Avaliación . . . . .	22
E.2.6. Materias pendentes . . . . .	22
E.2.7. O estudo na casa . . . . .	22
E.2.8. Titorías . . . . .	22
E.2.9. Atención aos pais . . . . .	22
E.2.10. Control de asistencia . . . . .	22
E.2.11. Departamento de Orientación . . . . .	22
E.2.12. Xefatura de Estudos . . . . .	22
E.2.13. Boletíns de notas . . . . .	23
E.2.14. Datas de avaliación . . . . .	23
E.2.15. Educación Física . . . . .	23
E.2.16. Exencións . . . . .	23
E.2.17. Disciplina . . . . .	23
E.2.18. Características do grupo . . . . .	23
E.2.19. Actividades Extraescolares . . . . .	23
E.2.20. Aplicación da LOMLOE . . . . .	23
<b>F. Petición de información para titoría</b>	<b>24</b>
<b>G. Reunións coas familias</b>	<b>25</b>
<b>H. Modelo carta citación titoría</b>	<b>26</b>
<b>I. Normas de funcionamento de carácter xeral</b>	<b>27</b>
I.1. Respecto ás demais persoas . . . . .	27
I.2. Respecto do comportamento no Centro . . . . .	27
<b>L. Modelo de amoestación por escrito</b>	<b>28</b>
<b>M. Modelo de amoestación por escrito para reincidentes</b>	<b>29</b>

<b>N. Proposta de sanción</b>	<b>30</b>
<b>Ñ. Acta de entrevista</b>	<b>31</b>
<b>O. Informe para a comisión de convivencia</b>	<b>32</b>
<b>P. Criterios de promoción e titulación</b>	<b>33</b>
<b>Q. Acta da xunta de avaliación</b>	<b>34</b>
<b>R. Enquisa de autoavaliación para o/a alumno/a</b>	<b>35</b>
<b>S. Cuestionario de convivencia</b>	<b>36</b>
<b>T. Informe individual de avaliación</b>	<b>37</b>
<b>U. Informe de titoría para a xunta de avaliación</b>	<b>38</b>
<b>V. Modelo de calendario trimestral de exames</b>	<b>39</b>
<b>X. Acta de elección de delegado</b>	<b>40</b>

## 1. Introducción

O documento que segue pretende resumir os traballos que un titor ou titora de secundaria debe desenvolver no decurso do ano escolar. Dividimos, para iso, o documento en tres apartados que abranguen os campos de actuación do titor/a: un primeiro refírese aos traballos co alumnado, o segundo resume a relación cos pais/nais e o terceiro describe as actividades de coordinación do titor/a co resto do profesorado do grupo. Engádesse un capítulo dirixido, sobre todo, ós profesores/as que desenvolven a súa actividade por primeira vez no noso Centro, e no que se resumen as tarefas fundamentais no curso. Remata este caderno cuns Anexos onde aparecen todos os documentos que o titor/a precisa para desenvolver o seu traballo.

## 2. Actividades do profesorado titor co alumnado

### 2.1. A recepción do alumnado

O día de presentación dos alumnos/as no Centro, son recibidos pola persoa directora do Instituto. Nese momento indícaselles o grupo onde están integrados e quen é o seu titor/a. Neste primeiro contacto débese crear unha relación de confianza e empatía para que o alumnado saiba que o titor/a será o seu principal apoio e que pode contar con el para enfrontarse ás dificultades tanto individualmente como en grupo. Deseguido o titor/a desenvolverá unha sesión cos seguintes obxectivos:

1. Facilitar a incorporación do alumnado novo e a súa integración na aula. Actividades de presentación e coñecemento do alumnado.
2. Información:
  - Organigrama.
  - Horario xeral.
  - Páxina Web: <http://centros.edu.xunta.es/ieseduardoblancoamor/>
  - Normas básicas de comportamento. O Centro como lugar de convivencia, traballo e estudo. Correcta utilización das instalacións, limpeza e conservación. Colocar nos taboleiros de aula, copia do documento destas normas (recalcar respecto e limpeza).
  - Coñecemento dos Regulamentos e Normas (Vid. na páxina web o plan de convivencia e o NOF) que rexen o funcionamento do Centro.
  - Horario do grupo (ditar para que o alumnado o copie).
  - Plano das dependencias (sinalar as dependencias que van usar).
  - Programa de Lectura libre.
3. Comprobar os datos dos listados. De haber algún problema os/as titores/as, deben pasar por oficinas (oficinas, non secretaría) para resolvelo o antes posible. Deberase indicar o erro e facer a corrección na propia lista para facilitar o seu tratamento informático.
4. Advertir que:
  - Os teléfonos móbiles non poden estar operativos dentro do instituto. Mellor non traelos. O Centro non se responsabiliza se desaparece.
  - No recinto escolar e nos accesos ó centro non se pode fumar. Así mesmo tampouco se permite introducir nin inxerir bebidas alcohólicas no centro educativo.
  - Responsabilizarse das cousas de valor durante a súa estancia no Centro, especialmente ó abandonar as aulas.
  - É obrigatorio permanecer nas aulas cando falte un profesor/a e seguir as indicacións do profesor/a de garda.

- Nos descansos ou tempos de lecer, no horario lectivo, incluídos recreos, desfrutarán das zonas reservadas dentro do recinto escolar: patio e acceso á cafetería. Informar da prohibición de abandonar o Centro.
  - Colaborar especialmente na limpeza. Usar as papeleiras na aula e nos patios. Na derradeira hora de clase de cada día deixar as cadeiras enriba das mesas (con coidado) e as instalacións limpas.
  - O coidado do mobiliario escolar e en xeral do recinto é responsabilidade de todos polo que os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e ós materiais, incluídos equipos informáticos, ou os bens doutros membros da comunidade educativa son consideradas condutas moi graves e ten como consecuencia sancións económicas.
  - O Instituto ten a vontade de reducir ao máximo a produción de lixo. Por iso:
    - Reduce os residuos que produces.
    - Deposita os residuos no contedor adecuado.
    - Non malgastes papel e reutilízao cando sexa posible.
    - Sentirse dende o primeiro día responsables da marcha do Centro.
5. Forma de tramitar as posibles causas de exención dalgunhas prácticas en Educación Física (entregar en Secretaría un informe médico que especifique as actividades que pode facer e as que non, duración da exención, etc) e de Lingua Galega.
6. Temas que se tratarán nas seguintes horas de titoría:
- Normas de organización e funcionamento. Explícalo como un documento que facilita a convivencia entre os diversos compoñentes da comunidade educativa que contribúe a educación na responsabilidade e que ten carácter recíproco.
  - Plan de Autoprotección.
  - Datas das avaliacións.
  - O delegado/a e a súa elección.
7. Darlle a coñecer ao alumnado as características físicas do Instituto, a localización das aulas, Secretaría, Xefatura de Estudos, e os outros lugares do Centro. A tal efecto os/as titores/as de 1º de ESO percorreren o edificio cos alumnos/as amosándolles as nosas instalacións. No resto dos cursos o percorrido farase só cos/coas alumnos/as de nova integración.

## **2.2. As sesións de titoría na aula**

O/A titor/a terá no seu horario unha hora semanal para a acción titorial na aula e deberá organizar as sesións de tal xeito que se traten os contidos que indicamos:

1. Coñecemento das normas de funcionamento do Centro e da ESO (NOF).
2. Coordinación, análise e reflexión sobre a marcha da actividade escolar.
3. Orientación académica e profesional.
4. Metodoloxía de estudo e de preparación e realización de exames.
5. Promoción de actitudes de respecto, responsabilidade, solidariedade, colaboración, tolerancia, recollidas no Plan de convivencia.
6. Habilidades sociais (Anexos V e VI do Plan de Convivencia).

No ANEXO A amósase a planificación de acción titorial, máis polo miúdo, na que se organizan as sesións para este curso en tódolos niveis da ESO e na que se indican os contidos programados para cada mes. Aconséllase acomodar a acción titorial a este plano, aínda que a necesidade de realizar sesións para tratar

temas puntuais ou resolver conflitos que aparezan no decurso da actividade escolar, obrigará a realizar cambios e reaxustes das sesións de tutoría programadas.

O Departamento de Orientación ten elaborado material de apoio para o desenvolvemento destes contidos. Os/as titores/as optarán en cada caso pola utilización deste material, a elaboración de material propio ou a utilización dalgún dos libros de tutoría que ofertan as distintas editoriais.

Explicamos agora de xeito máis amplo os obxectivos destas sesións, sinalando as datas aproximadas e os cursos nos que se desenvolverán os distintos contidos.

### **2.2.1. Coñecemento das normas de funcionamento do centro**

Estas sesións faranse no primeiro mes de curso. Citaremos aspectos concretos que necesariamente deben coñecer os/as alumnos/as e por iso terán que ser tratados nas sesións de tutoría do primeiro mes:

- Explicar o sistema de control da asistencia, de xustificación de faltas e de sancións por faltas non xustificadas.
- Comentar as normas disciplinarias e o sistema de faltas de orde.
- Informar sobre os criterios de promoción para o curso seguinte, ou de obtención do título de Graduado en Secundaria aos alumnos/as de cuarto (ANEXO P).
- Informar aos alumnos/as do horario de tutoría de atención aos pais/nais e do sistema de citas previas. (Anotarse en conserxería coa antelación necesaria).
- Elección de delegado. Trala sesión de elección o titor/a cumprimentará a acta correspondente (ANEXO X) que entregará na Xefatura de Estudos. Nela quedarán ordenados os 5 candidatos por números de votos a efectos de futuras substitucións. Neste caso o desempate é a favor do mais votado na votación previa. De persistir o empate desfarase a favor do máis antigo no Centro.

### **2.2.2. Coordinación, análise e reflexión sobre a marcha da actividade escolar**

É función do/a titor/a realizar a coordinación da actividade docente e das avaliacións polo que aproveitarán as sesións de tutorías para realizar parte destas tarefas. Sinalamos agora as máis importantes e as datas axeitadas para a súa realización:

- Detectar os problemas e fomentar a reflexión diante dos conflitos que acontezan ao longo do curso, así como facilitar a toma decisións, a nivel de grupo, co obxectivo de mellorar o rendemento académico e as condicións de convivencia. As reunións con estes obxectivos realizaranse cando as circunstancias o aconsellen.
- Intermediar nos conflitos que se presenten entre os/as alumnos/as e facilitar as relacións co grupo de profesores/as (Ver capítulo 3 do Plan de convivencia).
- Procurar o coñecemento polos alumnos/as das programacións trimestrais de mínimos e sistemas de avaliacións dos Departamentos. Esta tarefa farase, sobre todo, aos comezos de cada período de avaliación. O/a titor/a indicará o xeito de acceder a esta información na páxina web do centro.
- Controlar a racionalidade na distribución das tarefas que se realizarán na casa no decurso da semana por medio do caderno/axenda do alumno/a. Especialmente en 1º da ESO.
- Preparar as avaliacións e analizar os seus resultados. (Ver o apartado 4.2) Estas sesións faranse, regulamentariamente, nas datas previas e posteriores ao desenvolvemento das Sesións de Avaliacións para facer máis eficaces as tomas de decisións das Xuntas de cada grupo.
- Coordinar ao comezo do trimestre a elaboración dos calendarios de exames de cada avaliación. As datas establecidas nos calendarios non poderán ser variadas salvo excepcións que o requiran.

### 2.2.3. Orientación académica e profesional

Preténdese con ela facer máis doadas e acertadas as decisións que, sobre o seu propio futuro académico e profesional:

- Orientación académica en 1º curso da ESO: autoconecemento e coñecemento do entorno sociofamiliar. Todo o curso.
- Orientación académica en 2º curso da ESO, co fin de orientar sobre as modalidades de 3º da ESO. Febreiro/marzo.
- Orientación académica e profesional en 3º da ESO, co fin de orientar sobre os itinerarios de 4º da ESO. Febreiro/marzo.
- Orientación académica e profesional en 4º da ESO, a) pola opción de ensinanzas académicas: bacharelatos, b) pola opción de ensinanzas aplicadas: formación profesional de grao medio, c) por ambas opcións: outras ensinanzas pos-obrigatorias. Marzo/abril.
- Orientación académica e profesional en 1º e 2º de bacharelato das modalidades de: a) artes, b) ciencias (ciencias e enxeñería, ciencias da saúde) e c) humanidades e ciencias sociais (coas dúas vías). Marzo/maio.
- Orientación no 2º de bacharelato sobre o proceso de acceso á universidade, relacións das modalidades de bacharelato cos graos universitarios (CIUG). Configuración dos graos, números clausus, notas de corte, sistema de becas, residencias universitarias, etc. Abril.
- Orientación académica e profesional na ESO sobre a formación profesional básica e os ciclos de formación profesional de grao medio. Xaneiro/maio.
- Orientación no bacharelato sobre a formación profesional de grao superior. Marzo/abril.
- Orientación laboral sobre as saídas laborais en relación cos estudos. Todo o curso.

### 2.2.4. Metodoloxía de estudo e da preparación e realización de exames

Dun xeito especial en primeiro da ESO, o alumnado deberá aprender a aplicar diversas técnicas básicas de estudo: lectura comprensiva, ideas fundamentais dun texto, esquemas, resumos, subliñado, descrições, organización do tempo, memorización, etc.

### 2.2.5. Promoción de actitudes básicas de convivencia e habilidades sociais

Ver no Plan de Convivencia

### 2.2.6. Educación para a saúde

Tamén, nestas sesións, trataranse temas relacionados coa educación para a saúde dos adolescentes: tabaquismo, alcoholismo, drogadicción, educación sexual, prevención da S.I.D.A e enfermidades de transmisión sexual, alteracións da conduta alimentaria (anorexia e bulimia), etc.

Así mesmo, desenvolveranse programas de educación do autoconcepción e autoestima.

Os titores/as da ESO que o desexen poderán acollerse aos programas de educación para a saúde, prevención de condutas violentas e de educación para a paz ofertadas polos organismos públicos ou privados sen ánimo de lucro. Estas sesións se desenvolverán en dous días alternos por mes desde o mes de novembro ata maio.

### 2.2.7. Educación en valores

Nestas sesións afróntanse temáticas relacionadas coa coeducación (igualdade entre mulleres e homes), a educación para a igualdade entre as persoas con capacidades e procedencia diferente e programas de prevención da violencia de xénero. Neste contorno, os titores/as poderán acollerse aos programas relacionados, que se oferten desde os organismos públicos ou privados sen ánimo de lucro.



### 2.3. Control de asistencia do alumnado

O Centro organiza un sistema de control da asistencia que seguirá os seguintes pasos:

1. As faltas de asistencia introdúcense na aplicación Xade. Os pais ou titores legais poderán consultalas tamén a través da aplicación ABALAR.
2. O/A alumno/a dispón dun prazo de 3 días lectivos para xustificar as faltas de asistencia ao titor/a. Transcorrido este tempo a falta considerarase como non xustificada.
3. Para xustificar as faltas o/a alumno/a presentarlle a o/a titor/a o impreso correspondente para que, se se acepta a xustificación, o asine. Despois o/a alumno/a depositará o impreso no buzón da conserxería.
4. A modo de resumo mensual o/a titor/a recibirá o listado de faltas e, por materias, o número acumulado de faltas de asistencia inxustificadas. O/a titor/a poderá consultar estes datos en xade. Periodicamente, e polo menos unha vez ó mes, farase un listado de cada grupo para o/a titor/a e comunicaranse as faltas ás familias.
5. Cando un alumno falte de xeito reiterado seguirase o procedemento establecido nas NOF.
6. En todo caso, o titor/a poderán establecer outros sistemas de comunicacións coas familias, ademais dos regulamentariamente establecidos. Se é necesario enviarase unha citación ( ANEXO H) por correo con acuse de recibo.
7. As faltas de asistencia non debidamente xustificadas serán as que computen para a cualificación do posible absentismo conforme marca o protocolo das instrucións do 31 de xaneiro de 2014.

### 2.4. O profesorado titor e a disciplina

É misión do titor/a promover no seu grupo a convivencia entre os distintos estamentos da comunidade educativa e o respecto ás normas de comportamento dentro e fóra da aula. Para iso deberá realizar as seguintes tarefas:

- Fará públicas as Normas básicas do centro; reforzando os comportamentos positivos neste campo; e amoestando, individualmente ou en grupo, ao alumnado que se comporte de xeito irresponsable, irrespectuoso ou intolerante.
- Cando se produzan no grupo de xeito reiterado e xeneralizado malos comportamentos, o titor/a poderá tomar a iniciativa de convocar aos profesores/as do grupo para consensuar criterios de actuacións comúns ou medidas para tratar de corrixir o comportamento.
- Levará un control por escrito das distintas expulsións, amoestacións ou outro tipo de incidencias co fin de dispoñer de datos concretos do comportamento inadecuado do alumno/a no caso de presentarse a necesidade de toma de medidas disciplinarias pola Xefatura de Estudos, a Dirección ou o Consello Escolar. Daquela, cómpre que o profesorado titor siga o seguinte procedemento:
  1. Ante o incumprimento das normas, o titor deberá corrixir ao alumno conforme ó protocolo que se recolle nas NOF .
  2. Cando se produza a expulsión dun alumno/a, a causa dun feito grave e en situacións excepcionais, deberá ser recollido no parte e o titor/a deberá amoestalo (ANEXO L)
  3. Se o alumno/a reincide nos comportamentos que motivan a expulsión o titor/a deberá amoestalo por escrito (ANEXO M). Cada titor/a valorará o momento en que se produza esta amoestación escrita segundo a natureza das faltas, aínda que podería ser o intre máis adecuado cando se produza a terceira expulsión. Cómpre que o titor/a presente tales documentos nas oficinas para ser selados e darlles rexistro de saída. Axuntarase unha copia para que sexa asinada polos pais e devolta ó titor/a.

4. Se un alumno/a reincidente persiste na súa actitude, o titor emitirá un informe e propondrá á persoa que obste a Xefatura de Estudos (ANEXO N) a adopción de medidas por instancias superiores contempladas nos NOF.
5. Se, a pesares das medidas adoptadas, o alumno/a non cambiara de actitude o titor informará ó/á xefe/a de estudos e a Dirección (ANEXO N) que poderá sancionalo de novo ou presentar o caso á Comisión de convivencia á que corresponde decidir se se abre expediente ou se adopta outra medida previa.
6. Na Xefatura de Estudos quedarán rexistradas informaticamente, para a súa consulta, tódalas faltas de comportamento dos alumnos e das medidas correctoras adoptadas. Tamén quedarán arquivadas as copias das sancións comunicadas por escrito.

## 2.5. O rendemento académico

Unha das funcións máis importantes do/da titor/a é vixiar a evolución do rendemento académico. Con esta finalidade debe tomar todas as iniciativas que considere necesarias. Concretamos agora algunha:

- O/A titor/a deberá vixiar de xeito especial os/as alumnos/as que se atopen nunha destas dúas circunstancias:
  - Alumnos/as con antecedentes no curso anterior de problemas de absentismo, disciplinarios ou de moi baixo rendemento, tentando de evitar a súa repetición con intervencións rápidas cando estes problemas semellen repetirse.
  - Aqueles alumnos/as que amosan un claro e rápido empeoramento con respecto a cursos anteriores, e mesmo avaliacións anteriores, tentando identificar a causa deste baixón no rendemento e na procura da súa solución.
- O/A titor/a poderá controlar, nos casos que considere oportuno, o traballo na casa por medio da axenda que todos os alumnos/as de Secundaria teñen (agás os de cuarto de ESO), e poderá, nesta axenda, escribir mensaxes aos pais/nais.
- O/A titor/a deberá levar informes dos/das alumnos/as máis problemáticos ás sesións de avaliación coa finalidade de buscar actuacións que melloren o seu rendemento.
- O/A titor/a comunicará ao Departamento de Orientación os estudantes nos que se observe que o alumno/a sofre circunstancias persoais graves desfavorecidas que incidan negativamente no seu rendemento académico, como poden ser situacións de penuria económica, abandono familiar, desarraigo e/ou enfermidades, que se incluírán nun informe psicopedagóxico, co fin de derivalo, se así fóra necesario, aos servizos sociais correspondentes.
- O/A titor/a poderá presentar propostas ao grupo de profesores/as para mellorar o rendemento académico a nivel de grupo.

## 3. Relación do profesorado titor coas familias

Indicamos agora as pautas de actuación dos titores/as coas familias.

### 3.1. Presentación ás familias por carta

Ao comezo do curso os titores/as enviarán as familias unha carta (ANEXO C ) onde se comunica aos pais/nais aspectos básicos do funcionamento do centro: sistema de petición de cita para as titorías. Ademais nesa carta se lles convocará á primeira reunión que se realizará en todos os cursos.

### 3.2. Familias do grupo

- A comezos de curso, os/as titores/as darán a información sobre o funcionamento xeral do Instituto (ANEXOS D e E).  
Cómpre lembrar aos pais e nais a importancia da súa colaboración co Centro na educación dos seus fillos, facéndolles chegar as propostas expostas no Plan de convivencia (punto 1.1., apartado a.3).
- Ao remate do curso, os titores/as convocarán aos pais/nais dos alumnos que consideren oportuno para a entrega das cualificacións finais. Darán, tamén, as recomendacións para os traballos do verán.

### 3.3. Reunións coas familias individualmente ao longo do curso

Os/as titores/as teñen asignada unha hora semanal para a atención ás familias. O sistema de funcionamento tanto da petición de cita como de preparación das reunións é como indicamos:

1. Os/As pais/nais deberán solicitar a cita en conserxería, ben persoalmente, por teléfono ou por medio dos/das alumnos/as. Previamente o/a titor/a terá indicado aos conserxes o número máximo de pais/nais que se atenderán en cada sesión (recoméndase catro por sesión agás excepcións de urxencia). Os/as pais/nais serán atendidos seguindo a orde de anotación no caderno de conserxería.
2. Os/As titores/as recollerán información dos/das profesores/as antes de recibir aos pais/nais ben persoalmente ou por medio do formulario existente que deixarán con suficiente antelación no casilleiro do profesor/a requirido (ANEXO F). Os profesores/as devolverán o formulario de petición de información cuberto no casilleiro do titor/a.
3. O contido das entrevistas deberá ser anotado e arquivado; para iso os titores/as poderán usar o formulario elaborado con esta finalidade (ANEXO G).
4. Nos casos de alumnos/as con problemas escolares e nos que os/as pais/nais non tomen a iniciativa de solicitar cita cos/coas titores/as, estes poderán convocalos.

### 3.4. Outros sistemas de comunicación coas familias

Cando falle a comunicación polos sistemas devanditos, os/as titores/as poderán recorrer a outros sistemas de comunicación: o caderno do alumno/a, chamadas telefónicas, cartas certificadas con acuse de recibo (ANEXO H).

## 4. Coordinación polo profesorado titor da actividade docente e das avaliacións

### 4.1. Coordinación da actividade docente

As tarefas máis importantes do/da titor/a con relación a coordinación da actividade docente son:

- O/A titor/a poderá consultar a información dos cursos anteriores en XADE. Tamén poderá recadar outra información relevante no Departamento de Orientación.
- A principio de curso, o/a titor/a fará fotocopia da orla de fotos dos/das alumnos/as para repartir entre os profesores/as coa finalidade de que estes coñezan o nome dos/das alumnos/as.
- Coordinación das datas de exames: ao comezo de cada avaliación o/a titor/a xunto co grupo e consultando as datas que figuran nas programacións trimestrais de aula e establecerá o calendario de exames. Calendario que non pode modificarse sen causa xustificada.
- Nas sesións de titoría cos/coas alumnos/as o/a titor/a comprobará que os/as alumnos/as coñecen os criterios de avaliación e os contidos mínimos de cada materia para abordar con eficacia a preparación dos exames.

- O/A titor/a poderá convocar aos profesores/as do grupo cando o estime oportuno. Para facer a convocatoria basta con que o/a titor/a deixe unha nota no casilleiro de cada profesor/a do Grupo.
- O/A titor/a poderá analizar nas sesións de tutoría a racionalidade das tarefas para casa. Para iso servirse da Axenda do/da Alumno/a.

## 4.2. Coordinación das avaliacións

O/a titor/a é o responsable do desenvolvemento das sesións de avaliación que regulamentariamente se realizan tres veces ao longo do curso. As tarefas dos/das titores/as serán:

### 4.2.1. Preparación da avaliación

- O/A titor/a recollerá as ideas do grupo con relación aos resultados académicos e á convivencia. Para iso dispón de dúas enquisas (ANEXOS R e S) a información tirada de ambas as dúas enquisas poderán ser debatidas a nivel de gran grupo para unha recollida máis cabal da información.
- O/A titor/a, coa información de que dispón confeccionará un informe sobre a marcha do grupo (ANEXO U). Tentará de reflectir só cuestións que afecten aos profesores/as como equipo docente. Os problemas particulares, se xorden, serán tratados fóra da sesión do xeito que se considere máis conveniente. Este informe será recollido na acta da sesión de avaliación (ANEXO Q).
- Elaboración de informes individuais de alumnos/as (ANEXO T). Estes documentos serven para que o/a titor/a leve un seguimento por escrito dos alumnos que presenten algún problema que quere tratar especificamente na sesión de avaliación. Entregaranse ao xefe/a de estudos xunto coa acta de avaliación para ser incluídos no expediente do/da alumno/a.

### 4.2.2. Desenvolvemento da avaliación

O/A titor/a preside a sesión de avaliación e, polo tanto, determina o seu desenvolvemento. Porén, aconséllase seguir o seguinte procedemento:

- Informe xeral do grupo en relación aos seus resultados académicos e problemas de convivencia.
- Estatísticas e resultados das enquisas.
- Información particular de alumnos/as con problemas de absentismo ou puntualidade.
- Análise particular de alumnos/as con problemática escolar seria.
- Intervencións cara á seguinte avaliación.
- Cubrir completa a acta de avaliación nos apartados correspondentes. Este acta será entregada á Xefatura de Estudos nun prazo de dous días.

### 4.2.3. Traballo posterior a avaliación

- Análise cos alumnos/as, na correspondente sesión de tutoría dos resultados da avaliación coa comunicación dos puntos de vistas dos profesores/as e das actuacións que se levarán a cabo na seguinte avaliación.
- Comunicación individual aos alumnos/as das decisións tomadas na xunta de avaliación.
- Entrega dos boletíns de notas. Actualmente a entrega de notas faise a través de ABALAR, pero se a familia quere o boletín en papel, o/a titor/a asinará os boletíns que o alumno/a deberá devolver dous días despois da súa entrega. O/A titor/a valorará os casos nos que considere conveniente que sexan os pais/nais os que devolvan persoalmente os boletíns. Poderase comunicar ós pais/nais ou titores legais a posibilidade de consultar as notas no espazo ABALAR.

Na sesión de avaliación final o/a titor/a coidará de que se apliquen correctamente os criterios de promoción e titulación. Elaborará os informes de avaliación individualizados en XADE. Ó final de cada curso da ESO entregarase ó pai, nai ou titor legal de cada alumno/a un consello orientador (LOMCE. Decreto 86/2015)

## A. Calendario da acción titorial en secundaria ao longo do curso

Cabe subliñar que é bastante probable que se altere a orde destes contidos ou incluso que se engadan ou supriman algúns. Con certa frecuencia, diversa organización sen ánimo de lucro fannos propostas para facer unha abordaxe de diferentes temas por expertos na materia, e si os titores, o Equipo Directivo e o Departamento de Orientación os consideran relevantes, lévanse a cabo.

### A.1. Setembro/outubro

- Presentación dos alumnos/as: primeiras informacións e coñecemento físico do Centro. Normas de comportamento.
- Enviar a carta aos pais/nais.
- Entrega aos profesores/as do grupo fotocopias da orla e as primeiras informacións relevantes.
- Sesións de titoría: informacións sobre normas de funcionamento do Centro: Plan de traballo e sistemas de cualificación, sistemas de control de asistencia, sistema de cita previa para titorías, sancións por comportamento, criterios de promoción, regulamentos, utilidade do caderno do alumno/a, sistemas de representatividade no centro, etc.
- Elección de delegado: reflexión sobre o papel do delegado; elección; entrega de acta da elección.
- Reunión cos pais/nais.
- Elaboración dun plan de exames da primeira avaliación.
- Información da programacións de mínimos nas distintas materias.
- Nos cursos, nos que se escolarizan por primeira vez estudantes con necesidades específicas de apoio educativo de carácter permanente, farase información sobre as características dos estudantes con NEAE e formas de inclusión educativa ao conxunto de grupo: profesorado e estudantes.
- Sesións de acollida específicas para o alumnado procedente do estranxeiro.

### A.2. Novembro/dembro

- Sesións de titorías:
  - 1º de ESO: Aprender a resolver conflitos: procesos de mediación e desenvolvemento das habilidades sociais e/ou programa de educación en valores. Programa de autoconhecimento e coñecemento do entorno socio-familiar.
  - 2º de ESO: Aprender a ser persoa: autoconcepción e autoestima e/ou programa de educación en valores.
  - 3º de ESO: Respecto polas normas e programa de habilidades sociais. Educación para a saúde.
  - 4º de ESO: Habilidades sociais, autoconcepción e autoestima. Educación para a saúde.
  - En todos os cursos: Técnicas de estudo e estratexias da aprendizaxe.

### A.3. Decembro

1. Traballos de preparación da primeira avaliación: reunión cos alumnos/as e recollida de datos.
2. Sesións da primeira avaliación. Cubrir e entregar a acta.
3. Análise de resultados da primeira avaliación: información aos alumnos/as, intervencións decididas nas avaliacións, entrega de notas.
4. Elaboración dun plano de exames para a segunda avaliación.
5. Información sobre a programacións de mínimos da segunda avaliación.

#### **A.4. Xaneiro/febreiro**

- Sesións de titorías:
  - 1º de ESO: Programa de desenvolvemento do autoconceito e autoestima e habilidades sociais e/ou programa de educación en valores. Continuación do programa de autoconecemento e coñecemento do entorno.
